

# O cacao e a crise de Côte d'Ivoire

*David Reinero González*

**A** comezos do pasado ano podíanse ver imaxes un tanto paradoxais nos medios de comunicación. Mentres que por todo o mundo se sucedían manifestacións contra a guerra de Iraq, desde Côte d'Ivoire chegábanos protestas encabezadas por pancartas co lema “Chirac, asasino; Bush, axúdanos”, seguidas de fotografías de combates e mortos por todo o país. Logo dun ano de relativa tranquilidade, esas escenas volvéronse repetir en marzo. Que fai que o Estado máis estábel e próspero da África Occidental, o produtor do 40 por cento do cacao mundial, se deixe contaxiar da violencia endémica de veciños como Liberia ou Serra Leona?

A “tranquilidade” fora a nota dominante no país durante corenta anos, até que o 19 de setembro de 2002 uns 750 militares, encabezados por varios suboficiais de curta idade, se rebelaron contra o Goberno da Fronte Popular Ivorense (FPI) presidido por Laurent Gbagbo. Argumentaban, en principio, a súa oposición a desmobilizarse e reintegrarse na vida civil. En menos dun mes fixéronse co control dalgunhas das cidades máis importantes, mesmo con Abidján, no sur, a principal cidade e porto do país, e Bouaké, no centro.

A comunidade internacional –o que nesta parte de África abrangue pouco máis que Francia e os países fronteirizos– presionou ao Goberno e aos rebeldes para acadar un débil alto o fogo un mes máis tarde, o 17 de outubro. No entanto, entre ese alto o fogo e o definitivo acordo político –asinado o 24 de xaneiro do pasado ano en Marcoussis, preto de París– os sublevados foron deixando á parte os seus problemas corporativos para principiar a presentar reivindicacións políticas. Ao tempo, varios partidos da oposición uníronse ás reclamacións dos sublevados e novos grupos paramilitares xurdiron na fronteira con Liberia. Perante semellante presión e proliferación de grupos armados, o presidente Gbagbo accedeu á constitución dun goberno de unidade nacional.

As reivindicacións de cada grupo fóronse poñendo sobre a mesa e, un ano despois da precaria implantación do acordo de paz, os daquela rebeldes entraron e saíron varias veces do inestábel goberno. Pero xa entón, o que xurdira coma un conflito corporativo-militar e mesmo étnico-relixioso revelárase coma unha nova crise de identidade dos estados-nación dunha África poscolonial na que as materias primas, do mesmo xeito que nos países veciños de Côte d'Ivoire, xogan un papel nada desprezábel.

## **O Estado máis próspero da África Occidental**

---

Os novos estados independentes da África negra xurdidos nos anos sesenta do pasado século herdaron as estruturas coloniais que sobre eles impuxeran as metrópoles europeas. Son estruturas que en moi poucos casos se corresponden co reparto

interno das etnias, cos recursos económicos ou mesmo cos accidentes xeográficos. Esas diferenzas internas teñen socavado nesa parte do mundo a lexitimidade do Estado, herdeiro dun centralismo de inspiración francesa pouco flexíbel á hora de conxugar intereses rexionais contrapostos. Foi un proceso de “balcanización” a nivel continental delongado no tempo durante catro décadas que puxeron de manifesto a pouca pertinencia do concepto “estado-nación” nun continente configurado histórica e antropoloxicamente sobre o concepto de tribo.

*Côte d'Ivoire* fora coma un oasis de tranquilidade grazas en grande parte ao férreo control do país por parte do histórico Partido Democrático de Côte d'Ivoire (PDCI, nas súas siglas en francés<sup>(1)</sup>). O seu líder, fundador e “pai da patria”, Felix Houphouët-Boigny, presidiu o país desde a independencia en 1960 até á súa morte en 1993. Ao seu réxime personalista e autoritario débese a sonada “estabilidade” atribuída a Côte d'Ivoire. Houphouët-Boigny converteuse nun dos principais aliados de Francia no continente e foi considerado durante décadas un dos equivalentes do que supuña o panameño Noriega para os Estados Unidos (“é un ditador, pero é o noso ditador”, como comentaban na Administración norteamericana). De carácter megalómano, un exemplo da súa personalidade deuse a ver en 1983, cando trasladou a capital da costeira e comercial Abidján á súa cidade natal no interior, Yamoussoukro, onde construíu a catedral de Nosa Señora da Paz, unha das máis grandes do mundo e inspirada na de San Pedro do Vaticano. O seu sucesor en 1993, Henri Konan-Bédié, non ficou atrás e nun intento de aglutinar arredor súa os apoios cos que contara o PDCI creou o concepto da “ivoridade” (“ivoirité”), co que postulaba a exclusión dos musulmáns do norte, máis pola súa cultura que pola súa relixión. Pretendía, en resumo, manter a homoxeneidade do Estado. Konan-Bédié foi derrocado o 25 de decembro de 1999 por un golpe de Estado que daría pé ás eleccións libres de outubro de 2000, gañadas polo actual presidente, Laurent Gbagbo.

Pero esa estabilidade política de Côte d'Ivoire, sostida durante décadas, non podería entenderse sen a prosperidade económica do país e a férrea tutela dos seus recursos. As divisas para financiar as importantes obras públicas realizadas sobre todo na costa e os caprichos megalómanos de Houphouët-Boigny chegaron durante anos ao país grazas ás exportacións de cacao, a materia prima dos nosos chocolates e infusións.

---

## Da Amazonía á mesa pasando polo Golfo de Guinea

---

Crese que a árbore do cacao é orixinaria da Amazonía e que máis tarde se estendeu á América Central, nomeadamente a México. As antigas culturas nativas da rexión, coma a dos Olmecas ou dos Maias, coñecían xa e considerábano “o alimento

---

(1) As actividades do PDCI durante as súas catro décadas de goberno foron denunciadas entre outros por François-Xavier Verschave nun coñecido libro baixo o título de *La françafrrique: el más grande escándalo de la República*, París, 1998. Nesta obra recóllense estensamente as numerosas intervencións francesas (militares, económicas, políticas, empresariais...) no continente para preservar os seus intereses alentando a corrupción dos dirixentes locais.

dos deuses". Os seus grans foron empregados como moeda polos Aztecas, que tamén o utilizaban como bebida. Cristóbal Colón descubriuno en América, pero o cacao en gran non foi ben acollido daquela en Europa. Uns vinte anos máis tarde, Hernán Cortés descubriu a bebida amarga consumida polos Aztecas e enviou os grans a Carlos V. Daquela, os españois cambiaron a receita, engadiron azucre e quentaron os ingredientes para mellorar o sabor e chegar ao chocolate que hoxe coñecemos.

A árbore do cacao é unha planta tropical que medra en climas cálidos e húmidos, concentrándose a súa produción nunha banda estreita duns vinte graos de latitude ao norte e ao sur do ecuador. A necesidade das potencias europeas de ampliar as zonas de cultivo máis alá de América, en especial logo da independencia das colonias españolas, levou a Francia a introducir o seu cultivo no Golfo de Guinea e a Portugal e Holanda a facer o mesmo en Asia. Pouco a pouco as plantacións desas zonas foron medrando até acabar convertendo a Côte d'Ivoire no produtor do 40 por cento do cacao mundial<sup>(2)</sup>.

Malia que o seu uso máis coñecido é como ingrediente principal do chocolate, existen catro produtos intermedios que derivan do cacao en gran: o licor de cacao, a manteca de cacao, a torta de cacao e o cacao en po. O proceso de recolección e secado do cacao é longo e require unha importante man de obra. Para cubrir esa demanda, Côte d'Ivoire recibiu durante anos inxentes cantidades de inmigrantes, máis da metade deles procedentes de Burkina-Faso, e que xa supoñen perto do 30 por cento da poboación nun país con 17 millóns de habitantes, segundo o último censo de 1998. A Côte d'Ivoire, cun Produto Interior Bruto (PIB) *per capita* de 1.600 dólares, acoden a traballar os cidadáns dos países veciños máis pobres, onde o PIB *per capita* se move entre os 200 e os 500 dólares – como comparación, en Europa hai anos que superamos os 20.000 dólares–. O principal destino destes inmigrantes son as plantacións de cacao. Plantacións, doutra banda, de carácter na súa meirande parte minifundista, pero en mans dos oriúndos ivorenses e nomeadamente das etnias do Sur.

Calcúlase que deses 17 millóns de habitantes, uns 6 millóns, entre ivorenses e inmigrantes, viven en Côte d'Ivoire directamente do cacao, o que reporta á economía nacional o 30 por cento dos seus ingresos. De feito, se esa prosperidade que o cacao levou durante anos a Côte d'Ivoire non foi superior débese en parte a un mal endémico dos países en vías de desenvolvemento: producir a materia prima, con prezos moi fluctuantes, pero sen darlle un valor engadido. En consecuencia, a volatilidade do prezo do cacao en gran vén determinada pola variábel bondade da colleita anual mundial (clima, pragas, conflitos...) mentres que os prezos do produto elaborado logo da moenda mantéñense razoabelmente estabéis ao longo dos anos. O problema é que esta moenda, a elaboración do produto, realízase nos países consumidores, non nos produtores. Así, mentres que Côte d'Ivoire produciu na tempada cacaoteira 2001-02 arredor de

---

(2) No mesmo Golfo de Guinea, Gana e Nixeria non fican atrás, co 10 e o 15 por cento da produción mundial respectivamente, segundo as cifras da Organización Internacional do Cacao (<http://www.icco.org/>).

1,22 millóns de toneladas de cacao en gran<sup>(3)</sup>, apenas moeu en orixe unhas 280.000 toneladas, cifra que practicamente duplicaron os Países Baixos. Toda África produce o 67 por cento do cacao mundial, pero apenas moe o 14 por cento. Ao contrario, en Europa, onde non se cultiva, procésase o 45 por cento de toda a produción<sup>(4)</sup>.

A estes dous condicionantes estruturais (a propiedade da terra e a falla de tecnoloxía nacional para a elaboración) engádesse un terceiro: o das flutuacións a medio prazo que sofren todas as materias primas. Durante os períodos de expansión da produción existe un excedente que xera primeiro unha caída e logo un estancamento dos prezos. En consecuencia, os prezos baixos, froito do exceso de produción, teñen un impacto negativo sobre as colleitas, xa que os produtores tenden a cambiar de cultivo, factor que novamente permite unha suba de prezos. O ciclo de cacao caracterízase desta maneira por efectos de expansión e recesión. En Côte d'Ivoire, polo tamaño e pola importancia del sector, a flutuación do mercado non provoca cambios de cultivo senón unha maior ou menor contratación de man de obra. Isto crea un caldo de cultivo axeitado para que as clases menos favorecidas do país, os inmigrantes e as etnias do norte, se rebelen contra os que están mellor ca eles. Nesa situación, calquera rozadura pode converterse en detonante.

Un último factor de desestabilización, neste caso externo, é a introdución no mercado de sucedáneos do cacao. A partir do ano 2000 a Unión Europea decidiu aceptar un contido do 5 por cento de graxas vexetais nos produtos de chocolate<sup>(5)</sup>. Iso significa que até un 5 por cento pode ser substituído por equivalentes de manteca de cacao como aceite de palma, illipe (coñecido tamén como sebo de Borneo), sal, shea, kokum gurgi e óso de mango. Os produtores de cacao teñen afirmado que a introdución de sucedáneos xera una redución da demanda mundial de cacao de até 200.000 toneladas ao ano. A Organización Internacional do Cacao calcula que unha redución da demanda de 10.000 toneladas equivale a unha perda de ingresos do 1 por cento para os países produtores.

## As forzas políticas

---

O primeiro conflito interno en décadas que gardou unha certa relación coa situación do mercado do cacao foi o golpe que deu en 1999 o xeneral Robert Gueï, que apartou do poder a Konan-Bédié e ao PDCI. En 1994, un ano despois da morte de Houphouët-Boigny, comezara unha delongada recesión provocada polos baixos prezos do cacao nos mercados internacionais e pola desvalorización dun 50 por cento do Franco CFA. Malia que a finais dos noventa xa se comezaba a notar xa unha lixeira

---

(3) A perspectiva de produción para a tempada 2003-04 aproxímase aos 1,38 millóns de toneladas. J.A., *l'Intelligent*, nº 2.251, febreiro 2004.

(4) España é o oitavo importador mundial de cacao, co 3,25 por cento do total. Ademais, é o sétimo comprador de Côte d'Ivoire, país ao que adquire o 4,3 por cento das súas exportacións.

(5) Directiva CE 2000/36.

mellora, a degradación do nivel de vida e máis o desgaste dun Goberno personalista sostido artificialmente desembocou no golpe de Estado e nas eleccións presidenciais de 2000 gañadas por Laurent Gbagbo<sup>(6)</sup>, que abriron o campo político a unha importante variedade de organizacións semiocultas ou no exilio até daquela, durante o dominio do PDCI, que non se presentou aos comicios.

O partido do presidente Gbagbo, a Fronte Popular Ivorense (FPI), conta con 96 do total de 225 escanos da Asemblea Nacional e pertence á Internacional Socialista. Entre o resto dos grupos tradicionais –anteriores ao levantamento de setembro de 2002– destaca a Reagrupación dos Republicanos (RDR), que non participou nas últimas eleccións e cuxo líder Alassane Ouattara, ex primeiro ministro vetado como candidato en 2000, se postula novamente como presidente. Ouattara é musulmán e conta tamén coa nacionalidade de Burkina-Faso.

Precisamente da RDR e das fileiras de Robert Gueï xurdiron a meirande parte dos sublevados, aos que se sumaron co tempo algúns dos sectores máis novos da propia FPI. O propio Gueï, instigador da nova revolta, morreu asasinado ás poucas horas do levantamento. Coñecidos popularmente como as Forzas Novas (*Forces Nouvelles*), o seu líder fora, de feito, candidato da RDR nas últimas eleccións municipais. É Guillaume Soro, “cara visíbel do iceberg terrorista”, en palabras do periódico “Notre Voie”, próximo a Gbagbo. Natural do norte pero católico, con 32 anos, acabou varias veces na cadea pola súa oposición ao réxime do PDCI como líder estudantil. Logo de varios anos en Francia e Inglaterra, volveu ao país tralo golpe de 1999 e afiliouse á RDR. Cando esta formación decidiu non participar nas presidenciais marchou a Burkina-Faso. Reapareceu o 14 de outubro de 2002, un mes despois da sublevación, nunha rolda de prensa en Bouaké, presentándose como o secretario xeral do Movemento Patriótico de Côte d'Ivoire (MPCI), nome orixinario das Forzas Novas, e converteuse así no primeiro político en dar a cara por parte dos rebeldes.

Nos meses que transcorreron entre o primeiro levantamento e o acordo de Marcoussis seguiron a xurdir pequenos grupos, algúns dunha certa importancia coma o Movemento Popular Ivorense do Gran Oeste (MPIGO), detrás do que os sectores progubernamentais queren ver a man de Liberia. Outros grupos son considerados simples bandas armadas de delincuentes comúns ou grupos de curta idade que se aproveitaron da situación de desgobierno en determinadas zonas do país<sup>(7)</sup>.

A composición dos sublevados, malia nutrirse de varias forzas opositoras distintas, é bastante homoxénea. A rama militar xurdiu dos corpos de elite paracaidistas, que estiveran ás ordes do xeneral Gueï. A maioría dos suboficiais que a conformaron coñeceron a represión e o exilio apartados das súas responsabilidades, din, polo Goberno de Gbagbo, temeroso dun novo golpe. En Gana, Liberia, Malí e sobre todo

---

(6) Gbagbo gañou cun 59,4 por cento dos votos fronte ao 32,7 por cento do golpista Gueï que se presentaba baixo as siglas da Unión pola Democracia e o Progreso en Côte d'Ivoire (UDPCI).

(7) É precisamente no oeste onde se produciron a maioría das atrocidades. Unha cifra realista a partir dos datos manexados por diversas organizacións humanitarias estimaría en 3.000 o número de mortes e en 900.000 o de desprazamentos en todo o país.

Burkina-Faso atoparon a comprensión e o recoñecemento que se lles negaba no seu propio país. Ademais desa orixe, as Forzas Novas están formadas maioritariamente por persoas novas do norte musulmán. Son, en xeral, figuras que queren abrirse paso entre os vellos políticos do *hophouëtisme* (PDCI) ou da oposición tradicional ao réxime poscolonial (FPI e RDR). No entanto, e máis alá da semellanza dos seus intereses corporativos, as distintas visións políticas froito da súa procedencia disímil comezaron xa a introducir a discordia entre os principais líderes das Forzas Novas.

Malia a maior variedade de organizacións políticas e malia que o debate actual semella centrarse na dicotomía FPI-Forzas Novas, o histórico PDCI conserva un importante número de deputados –con 94, é a segunda forza detrás da gobernamental FPI– e tamén a maioría dos concellos. E malia que sofre unha crise interna que case o levou á desaparición, aínda ten un ano por diante para consolidar un candidato de cara ás presidenciais de 2005. Perante o perfil baixo que está a adoptar no conflito e o recordo constante da “estabilidade” que vivía o país durante o seu goberno, este partido podería resultar o principal beneficiado da actual crise nunhas futuras eleccións.

### **A actuación internacional**

---

De xeito simultáneo ao levantamento dos sublevados, Francia despregou polo país uns 2.000 soldados co argumento de defender aos seus nacionais, uns 25.000 segundo cifras oficiais. O continxente, aumentado posteriormente a 4.000, non foi demasiado custoso para as forzas armadas francesas xa que a metrópole conserva varias bases militares na súa antiga colonia<sup>(8)</sup>.

Xunto ás tropas francesas, no país tamén están despregadas forzas de mantemento da paz baixo mandato da ONU e achegadas pola Comunidade Económica dos Estados da África Occidental (CEDEAO). O seu presidente de turno, John Kufour, presidente tamén de Gana, ten realizado un intenso traballo de mediación. As tropas da CEDEAO son arredor mil e tanto estas como as francesas vixían a liña imaxinaria de separación norte-sur que divide o país aproximadamente polo seu centro. É a denominada “Operación Licorne”, que está sendo substituída por unha misión da ONU que despregará 6.200 cascos azuis xunto dos 4.000 franceses que conservarán a súa autonomía actual. Os primeiros mil soldados desa operación das Nacións Unidas entraron no país o 4 de abril.

Para os partidarios de Gbagbo, en moitos casos “máis papistas có Papa”, a intervención pacificadora da comunidade internacional non supón máis que unha presión para compeler o Goberno legal a asinar os acordos de Marcoussis que, ao seu ver, son unha lexitimación dos “rebeldes terroristas” por medio da súa inserción no Exe-

---

(8) Côte d'Ivoire, xunto a Djibuti e Gabón, é un dos tres únicos países africanos en que restan aínda bases francesas despois de que a maior parte delas se retiraran na década dos 90. Ademais, Francia interviu militarmente no continente perto dunha trintena de veces nos últimos trinta anos.

cutivo de unidade nacional. O que para a comunidade internacional sería un “mal menor”, é para os defensores de Gbagbo unha derrota.

A visión que se ofrece das Forzas Novas desde a FPI –fundamentalmente desde as súas bases e os seus simpatizantes (con manifestacións tan vistosas como as amentadas ao comezo deste texto) e non desde a dirección, atada ao compromiso de Marcoussis– é a de grupos de “terroristas” alentados desde Burkina-Faso ou Francia. O porqué desta visión de intervencionismo estranxeiro argumentaríanos estes sectores progubernamentais na intención do presidente Gbagbo de liberalizar determinados sectores da economía hoxe en mans exclusivamente francesas. A pesar da minoría dos seus votos, ten tratado de desenvolver varios cambios estruturais para os que non semella ter demasiados apoios. Por unha banda, revisou o sistema de concesións públicas en monopolio que están en mans francesas (auga, luz e telefonía), e pola outra, tenta privatizar a refinería do país, pola que se interesan empresas estadounidenses<sup>(9)</sup>.

Pero por riba de todo, Gbagbo ten posto en tea de xuízo o sistema nacional de compra do cacao, o coñecido como “Caistab”, unha caixa de estabilización e mantemento dos prezos dos produtos agrícolas. Fronte a un monopolio público que compraba todo o cacao producido a un prezo estimado en función da cantidade e a calidade de toda a colleita e igual para todos os produtores, está tentando liberalizar o sector para que os grandes compradores estranxeiros poidan entrar tamén no eido da intermediación dentro do país.

A Caistab supuña un sistema económico baseado na apertura ás importacións e na protección das plantacións. E malia que as reiteradas crises aparecidas principalmente a partir dos anos 90 puxeron de manifesto a debilidade de tal sistema, o cambio foi visto coma un ataque frontal ao sistema clientelista implantado polo PDCI. Como di o politólogo francés Richard Banegás<sup>(10)</sup>, atacáronse “as bases sociais tradicionais do poder, principalmente dos agricultores da etnia baoulé, do sur, e das clases medias urbanas”, prexudicadas pola crise e as reformas de axuste.

Co levantamento militar e o posterior goberno de unidade nacional, os intentos de reforma habían quedar aparcados. Foi un freo importante aos desexos da FPI, que novamente non foi ben visto polos seus partidarios. As manifestacións progubernamentais, como se mencionaba antes, repróchanlle mesmo ao presidente Gbagbo o feito de ter cedido demasiado ás presións francesas e ás dos grupos armados supostamente vencellados a intereses burquineses.

Pero aínda que só sexa desde unha perspectiva realista-utilitarista, a nivel rexional Côte d'Ivoire necesita levarse ben con Burkina-Faso pola cantidade de inmigrantes burkinabes que acolle e pola inestabilidade interna que poderían crear. E Burkina-Faso necesita levarse ben con Côte d'Ivoire porque toda a súa infraestrutura viaria exportadora, estradas e ferrocarrís, están orientados cara ao porto de Abidján.

(9) Hoxe en Côte d'Ivoire operan empresas como a tabacaleira Sitab, a construtora SAUR, do conglomerado francés Buyges, e concesións de transporte marítimo (SCAC e SDV) ou auga e electricidade (Sodeci-CIE).

(10) *Questions Internationales*, n° 3, setembro-outubro 2003.

Un exemplo desa mutua necesidade é que, curiosamente, mentras no sur se produce o cacao para a exportación, no norte prodúcese o millo para o consumo nacional. O conflito e a liña de alto ao fogo implantada fixeron que, paradoxalmente, o sur máis rico comece a ter problemas de abastecemento mentras que, pola contra, o norte está a dar saída como pode á súa sobreproducción a través de Mali.

### Conflito económico, non étnico

---

As referencias en determinados medios de comunicación á orixe dos sublevados ou da oposición non son inofensivas. Asíse a condición setentrional ou musulmana da maioría dos implicados como elemento determinante, contribuíndo así a asemillar o conflito a problemas étnico-relixiosos como en tantos outros lugares do continente. Semellante visión de África –ou dos Balcáns, sen irmos máis alá– resulta moi común na Europa occidental, onde se presentan as guerras recorrendo a medos atávicos do que é distinto sen que apenas se expliquen os condicionantes económicos. Esa visión, no caso de Côte d'Ivoire, quixérona descartar de pleno os dirixentes relixiosos, arredándose claramente dos políticos e dos empresarios.

A comezos do pasado ano, os responsábeis das comunidades relixiosas presentes no país<sup>(11)</sup> fixeron público un manifesto conxunto no que denunciaban a utilización da relixión con fins políticos. Sinalan nel que os membros dos distintos cultos levaron durante anos unha boa convivencia sen ningún tipo de incidente e que as chaves do conflito hainas que buscar nos motivos políticos e económicos derivados da “corrupción, o tribalismo e o culto ao diñeiro que impera no país”. Semellante afirmación parece confirmarse se reparamos en que as manifestacións populares que derivaron en disturbios dirixíronse contra intereses económicos ou embaixadas e non contra igrexas ou mesquitas.

A guerra informativa é outra das fronteiras deste conflito, con acusacións mutuas entre diplomáticos e mesmo entre os medios de comunicación franceses e ivorenses. Un dos seus escenarios foi o XXII Cumio Francia-África celebrado en París nos pasados 20 e 21 de febreiro. A el asistiu o daquela recentemente nomeado primeiro ministro Seydou Diarra, empresario e diplomático do norte, que invitou como sinal de boa vontade a Guillaume Soro nun xesto de reconciliación que foi apoiado por todas as partes. Un mes despois, Soro e outros líderes rebeldes entraban no goberno de unidade nacional que, con Diarra como primeiro ministro, recortaba notabelmente os poderes presidenciais de Gbagbo.

---

(11) As cifras referentes aos credos difiren. Segundo o *CIA World Factbook* (<http://www.cia.org/>): musulmáns, 35-40 por cento da poboación; cristiáns, 20-30 por cento; e relixións indíxenas, 25-40 por cento. Os misioneiros combonianos reducen os seus propios “logros”: musulmáns, 25 por cento; cristiáns, 20 por cento; e tradicionais, 55 por cento. A revista mensual dos combonianos, “Mundo Negro”, coa súa edición dixital (<http://www.mundonegro.com/>), é un bo referente en castelán para seguir a evolución dos conflitos africanos desde unha perspectiva bastante imparcial.

No marco dese tenso cumio, que con todo e a pesar das dificultades contribuíu a aplicar Marcoussis, o economista e politólogo ivorense Nicholas Agboh (residente en París pero analista nos medios progubernamentais do seu país) sinalaba que a crise “está relacionada coas multinacionais francesas que tentan reter o monopolio dos principais sectores da economía e que procuran o derrocamento de Gbagbo”. Segundo a Administración e os medios de comunicación franceses, semellantes afirmacións son “visións extremistas” ou “xenofobia nacionalista”. No entanto, mesmo os medios franceses máis serios, como *Le Monde*, víronse implicados no intercambio de acusacións. O que era o seu correspondente en Côte d'Ivoire, o camerunés Théophile Koumou, denunciou entón que as súas crónicas foran manipuladas no periódico e que non recollían o que quixera transmitir respecto da realidade do país.

Repárese en quen se repare, o que semella claro é que un executivo de unidade nacional coa composición que se recolle no acordo de Marcoussis moi dificilmente se atreverá a revisar as concesións francesas. É máis, nos últimos meses parece que o Goberno reconduciu as relacións coas empresas francesas, que mesmo gañaron novas concesións.

Desde outros sectores, porén, sinálase que as prácticas de corrupción e sobornos supostamente empregadas polas multinacionais francesas durante anos<sup>(12)</sup> non diferirían moito das que empregarían as norteamericanas co actual presidente para entrar no país. Diante de tal situación, a resolución definitiva do conflito e das concesións, ou a reforma do sector intermediario cacaoteiro ficaría postergada a unha futura convocatoria electoral que se presupón conflitiva, xa que todos os partidos do país parecen ter claros os seus apoios e proclaman a súa posíbel vitoria de se producir esa chamada ás urnas. E se antes se analizaba con reticencias a posibilidade dun conflito étnico polo único feito de falar de África, no caso dunhas eleccións haberá que manter as mesmas reticencias, en calquera sentido, ao igualar o funcionamento das democracias africanas ao das europeas.

## **A tensa espera**

---

Se se tarda en pórlle fin á violencia, que é o máis urxente nas zonas do oeste (xa que no resto do país vívese unha relativa calma) podería ficar como problema de fondo a desconfianza xa xerada entre os distintos grupos: sur-norte, cristiáns-musulmáns, proestadounidenses-profranceses, propietarios dos cacaotais-traballadores. As condutas modifícanse facilmente –ou superficialmente– pero as percepcións de desigualdade son máis complexas, a miúdo sen matices e sempre poden volver xurdir en forma de novas condutas violentas. A faísca que as active será sempre impredecíbel. Se o conflito actual é conxuntural, non haberá problemas. Pero se realmente a orixe é,

---

(12) Véase *Françafrique*, op cit.

como parece, a crise da estrutura nacional na África negra, a faísca sempre pode volver prender.

O carácter inacabado destes estados, con estruturas políticas, económicas e sociais impostas desde o exterior, parece ser un condicionante fundamental para o desenvolvemento. En estados “superficiais”, non interiorizados pola cidadanía, e nos que esta ten poucas oportunidades para ser iso, cidadanía, o mantemento dos intereses económicos pode chegar a empurrar do poder a aqueles que, acertada ou desacertadamente, ameacen con trascantealos.

A situación semellaba terse tranquilizado nos últimos meses e o acordo de Marcoussis demostrara a súa viabilidade. De feito, en numerosos medios de comunicación, tanto franceses como ivorenses, comezaran a aparecer en xaneiro deste ano referencias á “fin da guerra en Côte d’Ivoire”. En marzo, no entanto, volvéronse vivir escenas violentas logo de varias manifestacións convocadas pola oposición despois dunha nova crise do Goberno de unidade nacional. A situación actual, con numerosas mostras de reconciliación por ambas as partes, combinadas á vez con proclamas incendiarias, parece ser a dunha resignada e tensa espera polas eleccións presidenciais do vindeiro ano.

---

*David Reinero González é xornalista e colaborador do IGADI.*